



ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL CELEBRADA O 12 DE ABRIL DE 2019, RELATIVO Á ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA Y RURAL DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS, 1ª FASE. COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021. ANUALIDADE 2019.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS),

DECLARA:

Que o 12 de abril de 2019 asinouse o acordo da comisión bilateral relativo á Área de rexeneración e renovación urbana e rural do Parque Nacional das Illas Atlánticas, 1ª fase da Comunidade Autónoma de Galicia, Plan Estatal de vivenda 2018-2021, anualidade 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A declaración de Área de rexeneración e renovación urbana e rural, establecer as condicións das persoas beneficiarias das axudas do Programa de rexeneración e renovación urbana e rural e o financiamento das actuacións.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

O 26 de xullo de 2018 o Consello da Xunta autoriza a sinatura do Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan Estatal de vivenda 2018-2021, aprobado polo Real decreto 106/2018, de 9 de marzo, asinándose o mesmo o 30 de xullo de 2018.

Que o Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, regula, entre outras axudas, a relativa ao Programa de rexeneración e renovación urbana e rural, que ten por obxecto o financiamento da realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazo públicos e, no seu caso, de edificación de edificios ou vivendas en substitución de edificios ou vivendas demolidos, dentro dos ámbitos de actuación denominados Área de rexeneración e renovación urbana o rural previamente delimitados.





Que a Comunidade Autónoma de Galicia manifesta que a actuación cumpre cos requisitos establecidos no artigo 48 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, relativos a delimitación territorial da Área e os límites de edificabilidade destinada ao uso residencial de vivenda.

Que a actuación financiada no seu conxunto deberá estar finalizada no prazo máximo de 5 anos desde a sinatura do acordo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase electronicamente esta memoria.

